

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 22 DE XULLO DE 2008

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lap/58/08.- Kilowatio Galicia, S.A.- Acondicionamento de nave, Lic/334/08, e apertura de almacén e venda de material eléctrico en Vía Ptolomeo núm. 177, 179 y 178.-

2719/04.- Santiago López Rey.- Derruba edificación existente na R/ Vista Alegre núm.125, 127.-

2168/07.- Antonio Fernández Romeu.- Rehabilitación e ampliación de viv. unif. sita no Barrio de Guadalupe núm.45.-

574/08.- Mª Luz Otero Piñeiro.- Viv. unif. no lugar de A Sionlla de Abaixo núm.23.-

2279/07.- Hermanos Peleteiro Ramos, S.L.- Construcción de dous módulos A, B, C D1 e D2 e apertura dos mesmos con destino a colexio ("Manuel Peleteiro") Lap/360/07, na finca sita en "Monte Redondo" no Lugar de Outeiro.-

CAMBIO DE TITULARIDADE.-

1333/08.- Jesús Souto Carlín, en repr. da entidade Jeso, S.A.- Construcción de edificio na Avda. de Lugo núm.28, cambio de titularidade a prol da entidade Souto Doce, S.C. (+).-

EXECUCIÓN AVAL DEPOSITADO POLA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO ÚNICO DO PLAN PARCIAL DE SAR, REPRESENTADA POLO SEU PRESIDENTE D. RAFAEL FERREIRO LODEIRO.-

OCIHR

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/158/2008.- DON FILIPPO LUCA GIOVANNI BELLAVITE PELLEGRINI.- Construcción dun edificio para dúas vivendas na Rúa do Pombal nº 28.

5.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.
Concédense diversas axudas por un valor total de 3.875 euros.

6 a 15.- Propostas do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmoables.
Concédense os beneficios fiscais solicitados.

16.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa a bonificación no imposto sobre bens inmoables.
Concédense bonificacións a varios inmoables.

17.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa a bonificación no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
Concédense a exención do devandito imposto á Universidade de Santiago pola utilización de oito vehículos.

18.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa á concesión de exencións nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e por servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense sete exencións das devanditas taxas.

19.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación do Servizo de Conservación e Mantemento do Parque de BRANDÍA.

Apróbase o proxecto, prego e inicio do expediente de contratación do devandito servizo, cun tipo de licitación de 55.849 euros.

20.- Adxudicación do Servizo de Redacción do proxecto de Rexeneración do Monte de Dios

Adxudícase o servizo á empresa CONSULTORES DE MEDIO AMBIENTE Y DESARROLLO, S.L., por importe de 12.000 euros.

21.- Adxudicación definitiva das Obras de reposición e reparación de pavimento na beirarrúa da rotonda do Restollal.

Adxudícanse as obras á empresa ALCOMTE GALICIA, S.L.

22.- Adxudicación provisional da Contratación do servizo de redacción do proxecto constructivo, dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das obras de saneamento da conca de Aríns, colectores secundarios 2ª fase.

Adxudícase provisionalmente a devandita contratación á empresa PROYFE, S.L., por importe de 38.793 euros.

23.- Revisión de prezos do contrato de Aluguer do local nº 5 da rúa Presidente Salvador Allende para a súa utilización como sede de oficinas municipais.

Procédese á revisión de prezos, aboando os atrasos correspondentes ao IPC dende xuño ao 31 de outubro de 2007.

24.- Aprobación de novo prego e inicio de expediente de contratación das Obras de Urbanización de terreos municipais para Zona Deportiva en SAN LÁZARO (fase I) 2ª licitación.

Apróbase o prego e iníciase o expediente de contratación, cun tipo de licitación de 1.122.920 euros.

25.- Aprobación de orzamentos, prego e inicio do expediente de contratación do Subministro e instalación de equipamento para a modernización de alumeado público en CESAR, BARCIELA, e varios lugares da parroquia de LARAÑO.

Apróbase o orzamento e o prego, e iníciase o expediente de contratación, cun tipo de licitación de 51.986 euros.

26.- Adxudicación do Servizo de Conservación e Mantemento do Parque de Brandía durante un prazo de 2 meses e medio.

Adxudícase o servizo á empresa ASPAS EMPREGO, S.L., por importe de 11.441 euros.

27.- Aboamento por prestación de Sevizos extraordinarios.

Acórdase o aboamento de horas extraordinarias e gratificacións por servizos extraordinarios por un total de 44.526 euros

28.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á prórroga e revisión de prezo do aluguer do local de uso sociocultural no Romaño.

Acórdase a prórroga do aluguer do devandito local ata o 31 de decembro de 2008, así como a revisión do prezo coa aplicación da variación do IPC.

29.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica para dar conta da autorización de ocupación de vía pública.

Autorízase a ocupación do Campus Sur para a celebración do festival FESTIGAL os días 24 e 25 de xullo.

30.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á solicitude dunha subvención e aprobación da achega do Concello.

Solicítase unha achega de 27.158 euros para a contratación dun Diplomado en Educación Familiar para o Programa de educación familiar, e apróbbase a achega do Concello dun 30% do custe total do programa, que supón a cantidade de 11.639 euros.

31.- Proposta do concelleiro delegado de xuventude relativa á aprobación de orzamento para desenvolver a realización dos concertos finais dos gañadores do 1º Certame MUSICAXOVE'08.

Apróbbase un orzamento de 11.777 euros para estes concertos, a desenvolver durante as Festas do Apóstolo.

32.- Modificación puntual do Plan parcial do SUNP-16 na parcela OF-1. Volta do Castro

Apróbbase inicialmente a devandita modificación, nos termos do proxecto presentado o 27 de xuño de 2008.

33.- Proposta da concellería delegada de Política Lingüística relativa á solicitude de subvención á Consellería de Presidencia para a normalización da Lingua Galega.

Acórdase solicitar unha subvención de 96.328 euros para contratación dunha especialista en lingua galega dende agosto ata o 31 de outubro (12.602) e para a organización de campañas e elaboración de publicacións (83.726).

34.- Dar conta de resolución da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á adxudicación da explotación do servizo de bar-cafetería existente na Granxa do Xesto.

Dáse conta da devandita resolución, pola que se adxudica á sociedade PENEDO GARCÍA Y OTRAS S.C. a explotación do servizo por un ano, a contar dende o 15 de xullo de 2008, abonando un cano de 4.000 euros ao iniciar a explotación, así coma un 7% dobre os ingresos de prezos do servizo a aboar trimestralmente.

35.- Dar conta de decreto da alcaldía relativo á prórroga do contrato de asistencia técnica para a realización de traballos de modificación do Catastro Urbano de Santiago.

Dáse conta da prórroga do contrato suscrito coa empresa EIBISA NORTE, S.L. por un ano, a cotnar dende o 20 de xullo de 2008.

URXENCIAS

- Acórdase a contratación urxente da asistencia técnica para a coordinación local da rede temática SUITE pertencente ao programa comunitario URBACTII
- Adxudícanse provisionalmente as obras incluídas no proxecto de rehabilitación do barrio Fonte do Ouro á empresa ALCOMTE GALICIA, SL, por importe de 175.101 euros. O iva ascende a 28.016 euros.
- Apróbanse as bases da convocatoria de subvencións aos clubs deportivos da cidade. O importe total a repartir entre os solicitantes é de 263.000 euros.
- Apróbanse as bases da convocatoria de subvencións ás escolas deportivas da cidade. O importe total a repartir entre os solicitantes é de 60.000 euros.
- Apróbase o proxecto de Obradoiro de Emprego “Compostela Natural” e acórdase solicitar á Consellaría de Traballo unha subvención para o seu desenvolvemento